



III CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

“Paisaxes de Boqueixón”

O concello de Boqueixón convoca a 3ª edición do Concurso de Fotografía *“Paisaxes de Boqueixón”*, coa finalidade de fomentar a creatividade e dar a coñecer ao público en xeral a diversidade e riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do concello.

Bases:

1. Participantes e número de fotografías

Poderán participar no concurso toda persoa física que o desexe e cumpra as presentes bases. Cada participante poderá presentar ata un máximo de tres fotografías.

2. Temática

As fotografías versarán sobre aspectos que reflicten a riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do noso concello, debendo estar tomadas, polo tanto, dentro do territorio do concello de Boqueixón.

3. Premios

Entre as fotografías presentadas seleccionaranse doce, e destas, elixiranse as tres gañadoras do concurso. Os premios consistirán en:

Primeiro premio: REPRODUTOR BLU-RAY 3D

Segundo premio: TABLET

Terceiro premio: REPRODUTOR MP4

As doce fotografías seleccionadas pasarán a ser propiedade do concello de Boqueixón, que se reservará todos os dereitos para o seu emprego, reprodución, e difusión, facendo mención da súa autoría. Estas obras serán publicadas no **calendario do 2016** que edita o concello.

4. Forma de presentación e prazo

1. As fotografías presentaranse en papel fotográfico sen ningún tipo de soporte, en branco e negro ou en cor e cun tamaño **24 x 33 cm. (apaisado)**.
2. Cada fotografía presentarase en sobre pechado e ao dorso de cada fotografía farase constar o **título da obra, o nome completo do seu autor/-a e o nome do lugar onde foi tomada**. Dentro do mesmo sobre e en folla aparte, farase constar o título da fotografía, nome e apelidos do autor/-a,

data de nacemento, enderezo e teléfono. O autor/-a das fotografías asume calquera responsabilidade derivada da aparición de persoas recoñecibles na mesma.

3. O prazo de presentación dos traballos remata o **9 de novembro de 2015**.
4. As obras poderán presentarse:
 1. En persoa na biblioteca municipal do concello (Casa do concello.- Forte, s/n, 15881-Boqueixón), en horario de 09:00 a 14:30 h.
 2. Por correo ordinario (non se admiten traballos enviados por fax nin correo electrónico) no mesmo enderezo.
5. Xurado, fallo e entrega de premios

Un xurado determinado polo concello de Boqueixón revisará as fotografías e fará público o seu fallo o día **16 de novembro**, a través do taboleiro de anuncios do concello, da páxina web (www.boqueixon.com) e individualmente aos doce autores/-as seleccionados e aos tres premiados/-as. Este fallo será inapelable.

Os premios recolleranse na casa do concello na última semana do mes de novembro, á vez que os doce seleccionados/-as deberán entregar ao concello a fotografía en **soporte dixital**, en calquera formato e cunha calidade non inferior a **5 megapíxeles**.
6. Devolución dos traballos non seleccionados

As fotografías non seleccionadas poderán recollerse durante o mes de decembro na biblioteca municipal. Transcorrido este período, o concello poderá dispoñer delas libremente, sen que se lle poda esixir responsabilidade algunha.
7. Aceptación das bases

A organización reservase a facultade de resolver calquera continxencia non prevista nas bases. A concorrencia a este concurso implica a aceptación das presentes bases*.

Boqueixón, 15 de setembro de 2015.